



Concello de Vigo
Expte. 4993/1101

ACTA

PLENO DO EXCMO. CONCELLO DE VIGO Nº 12/2024

SESIÓN ORDINARIA DO 30 DE XUÑO DE 2025

ORDE DO DÍA

- 1. Actas anteriores:** Ordinaria do 26 de maio, extraordinaria do 26 de maio e extraordinaria do 12 de xuño de 2025.
- 2. Declaracións institucionais.**
2. Declaración Institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI 28 de xuño 2025. Expte. Pleno 4992/1101.

PARTE RESOLUTIVA

Ditames das comisións informativas:

ORZAMENTOS E FACENDA

- 3.** Aprobación da Conta Xeral do Concello de Vigo e do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao ano 2024. Expte. 305/143 (Expte. Pleno 4985/1101).

Mocións:

- 4.** Moción do grupo municipal do BNG demandando a fin do abandono que padecen as instalacións deportivas municipais. Expte. Pleno 4996/1101.
- 5.** Moción do grupo municipal do PSOE instando á Xunta medidas de financiamento, seguridade e mantemento das praias de Vigo. Expte. 4998/1101.
- 6.** Moción do grupo municipal do PSOE instando á Xunta de Galicia a dotar nos Orzamentos do ano 2026 unha partida específica para a implantación nos xulgados de instrución de Vigo as gardas de 24 horas. Expte. Pleno 4999/1101.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 1 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7. Moción do grupo municipal do PSOE solicitando a reversión do inmoble próximo ao CEIP Virxe do Rocio. Expte. Pleno 5000/1101.
8. Moción do grupo municipal do PSOE instando á Xunta de Galicia a reforma das cubertas dos centros educativos vigueses. Expte. Pleno 5001/1101

PARTE DE CONTROL

Mocións.

9. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o cambio de clasificación urbanística de espazos libres e zonas verdes a equipamento do SX-EL-XAR-617 PB zona verde Avda. Madrid antiga estación autobuses. Expte. Pleno 5002/1101.

Resolucións.

10. Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 13 de xuño de modificación da delegación de competencias da XGL nos concelleiros/as da Área de Goberno e concelleiros/as delegados/as. Expte. 1483/1102 (Expte. Pleno 4986/1101).
11. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/05/25 e o 18/06/25, incluídas no expediente Pleno 4990/1101.
12. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/05/25 e o 18/06/25, incluídas no expediente Pleno 4989/1101.

13. Formulación de rogos.

14. Formulación de preguntas.

ASISTENTES

POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA POLO GRUPO MUNICIPAL POPULAR

Ilmo. Sr. Alcalde
Aguiar Castro, Yolanda
Alonso Suárez, Olga
Aneiros Pereira, Jaime
Caride Estévez, María José
Espinosa Mangana, Elena
Estévez Rodríguez, Pablo Luis
Fernández Pérez, José Manuel
Gómez Díaz, Gorka
Iglesias González, Ana Laura (se incorpora en el punto 3, 9.12 h.)
Iglesias López, Patricia
Lago Barreiro, M.^a del Carmen

Benavides Alonso, Daniel
García González, Patricia
González Abeijón, Fernando
Martin Peña, Jose Miguel
Sanchez Méndez, M^a Luisa

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Abalde Comesaña, Filipe
Martínez Piñeiro, Ana
Pérez Igrexas, Xabier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 2 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

López Font, Carlos
Mejías Sacaluga, Ana Maria
Pardo Espiñeira, Francisco Javier
Rivas González, Ángel
Rodríguez Calviño, Patricia
Rodríguez Rodríguez, Nuria

NON ASISTEN:

Silva Rego, M^a Carmen, Primeira Tenente de Alcalde.

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e cinco minutos (09:05) do día trinta de xuño do ano dous mil vinte e cinco (30/06/25), coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros arriba sinalados, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida.

Asiste pola Intervención o Interventor Xeral municipal, don Alberto Escariz Couso, e pola Secretaría o Secretario Xeral do Pleno, don Jose Villán Fuertes, que dá fe do acto.

Constatada a existencia de quórum suficiente para a súa constitución, o Sr. Presidente declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.(89). ACTAS ANTERIORES: ORDINARIA DO 26 DE MAIO, EXTRAORDINARIA DO 26 DE MAIO E EXTRAORDINARIA DO 12 DE XUÑO DE 2025.

VOTACIÓN E ACORDO.

Por unanimidade dos membros presentes (25) da Corporación, dos vinte e sete (27) que constitúen o seu número legal de dereito, apróbanse as seguintes actas:

- Sesión núm. 9/2025 ordinaria, celebrada o 26/05/25
- Sesión núm. 10/2025 extraordinaria, celebrada o 26/05/25
- Sesión núm. 11/2025 extraordinaria, celebrada o 12/06/25

DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.(90). DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DO DÍA INTERNACIONAL DO ORGULLO LGTBI 28 DE XUÑO 2025. EXPTE. PLENO 4992/1101.

ANTECEDENTES.- Con data de entrada no Rexistro do Pleno do 23 de xuño, número 4992/1101, proposta de declaración institucional pola FEMP con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI para o 28 de xuño, que di o que segue:



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 3 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

«DECLARACIÓN INSTITUCIONAL CON MOTIVO DEL DÍA INTERNACIONAL DEL ORGULLO LGTBI 28 de junio de 2025

El 28 de junio se conmemora el Día Internacional del Orgullo LGTBI, una fecha de alcance mundial que celebra la diversidad y recuerda la importancia de garantizar los derechos y libertades de todas las personas, con independencia de su orientación sexual.

Esta jornada tiene su origen en los hechos ocurridos en 1969 en el barrio neoyorquino de Stonewall, que marcaron un antes y un después en la reivindicación de los derechos civiles del colectivo LGTBI. Desde entonces, esta fecha se ha consolidado como una oportunidad para reflexionar, reconocer los avances logrados y seguir construyendo una sociedad donde la dignidad, la libertad y la igualdad plena sea una realidad para todos.

En este 2025, desde la Federación Española de Municipios y Provincias (FEMP), queremos reiterar nuestro firme compromiso con los valores democráticos de igualdad, respeto, libertad y dignidad. Reivindicamos el papel de los gobiernos locales en la promoción de entornos seguros, inclusivos y respetuosos, en los que la diversidad sea comprendida como un valor compartido que enriquece la vida en comunidad.

Es fundamental reforzar el papel de las organizaciones de la sociedad civil, incluyendo a las entidades LGTBI como agentes de transformación social garantizando su participación activa en la elaboración y evaluación de las políticas públicas. Asimismo, consideramos esencial que las instituciones actúen con determinación frente a los discursos que promuevan la intolerancia, estableciendo mecanismos eficaces para prevenir y abordar posibles situaciones de discriminación. Este año se cumple el 20 aniversario de la aprobación de la ley que permitió el matrimonio igualitario y la adopción conjunta por parejas del mismo sexo en España un avance significativo en el reconocimiento legal y social del colectivo LGTBI, que situó a nuestro país entre los más avanzados en el respeto a la diversidad familiar y a los derechos civiles.

Y si bien es cierto que España ha sido un país pionero fruto del trabajo conjunto de muchas personas, organizaciones e instituciones también reconocemos que aún persisten situaciones de desigualdad, violencia y rechazo que deben ser erradicadas con decisión y responsabilidad institucional, abordando -de forma integral- la realidad específica de las personas LGTBI, que además son racializadas, migrantes, con diversidad funcional o en situación de pobreza dado que ellas experimentan formas específicas y agravadas de discriminación. En este sentido, es importante promover políticas que atiendan estas circunstancias particulares con medidas de protección efectivas y proporcionales, siempre desde una perspectiva centrada en los derechos humanos y en la cohesión social.

Por ello, instamos al Gobierno de España a dotar de la dotación presupuestaria específica y sostenida a los gobiernos locales para que puedan seguir trabajando en:

- Protocolos específicos para la atención integral a víctimas de agresiones motivadas por intolerancia, priorizando la protección de menores, personas trans y colectivos especialmente vulnerables.
- Formación del personal municipal, especialmente en áreas como servicios sociales, seguridad ciudadana y educación, en materia de diversidad sexual y de género.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Página 4 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Desenvolvemento de campañas educativas e de sensibilización que promuevan a convivencia, a tolerancia e o respecto a todas as persoas.

Según datos recentes, aproximadamente a metade das vítimas LGTBI de agresións físicas, sexuais ou verbais registradas non denuncian estes incidentes debidos principalmente ao medo ou á falta de confianza en los procedimientos institucionales. Desde as entidades locais reiteramos noso compromiso para generar entornos de confianza, prevenir estas violencias e mellorar a resposta institucional fronte a calquera manifestación de odio ou discriminación.

Tampoco podemos obviar que, en el contexto internacional, asistimos con preocupación a retrocesos en materia de derechos humanos que afectan directamente al colectivo LGTBI. Los discursos de odio, la reversión de avances legales y la persecución institucional en algunos países ponen en riesgo principios fundamentales que deben ser preservados por la comunidad internacional

Por todo ello, desde la FEMP expresamos nuestro apoyo a las políticas públicas que promuevan la igualdad de oportunidades y el respeto mutuo y subrayamos la importancia de la educación, la sensibilización y el diálogo como herramientas fundamentales para fortalecer la cohesión social y la tolerancia.

Invitamos a todos los gobiernos locales a sumarse a esta declaración y a continuar desarrollando iniciativas que refuercen la inclusión y el reconocimiento de todas las personas, con especial atención a quienes se encuentran en mayor situación de vulnerabilidad. Porque la dignidad y la igualdad no deben ser eslóganes, sino principios reales, sostenidos desde el trabajo conjunto, la responsabilidad democrática y el respeto a la libertad de todas las personas.»

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta.

ACORDO.

A anterior Declaración Institucional enténdese aprobada por asentimento dos membros presentes da Corporación.

PARTE RESOLUTIVA

.- **Incidencia. Sendo as 9:12 horas, durante o debate do punto 3 da orde do día, co permiso da Presidencia incorpórase á sesión plenaria a concelleira do grupo municipal socialista Sra. Iglesias González. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e seis (26) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

3.(91). APROBACIÓN DA CONTA XERAL DO CONCELLO DE VIGO E DO ORGANISMO AUTÓNOMO DA XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO, CORRESPONDENTE AO ANO 2024. EXPTE. 305/143 (EXPTE. PLENO 4985/1101).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 5 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ANTECEDENTES.- Con data 13 de xuño de 2025, a Dirección Superior Contable e Orzamentación emite o seguinte informe proposta,

«Unha vez formada a Conta Xeral correspondente ao Orzamento do ano 2024, rendida polo Sr. Alcalde-Presidente por Resolución do 6 de maio de 2025 e ditaminada pola Comisión Especial de Contas en sesión do 16 de maio de 2025 foi exposta ao público polo prazo que regulamenta o art. 212.3 do texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, publicada no Boletín Oficial de Provincia de Pontevedra nº 95 do 21 de maio, rematando o prazo para presentar reclamacións e alegacións o 11 de xuño, e segundo consta na certificación do Rexistro que figura no expediente, no prazo de exposición o público, non houbo reclamación algunha, e ao obxecto de dar cumprimento ao previsto no artigo 212.4 do TRLRFL, sométese á consideración do Pleno da Corporación.

O Ditame da Comisión Especial reflectía que de non presentarse reclamación algunha perante o período de exposición, polo Sr. Secretario da Comisión, previa certificación que acredite o anterior, se remitirá á Secretaría do Pleno o expediente para a súa inclusión na orde do día do Pleno.

En cumprimento do previsto no artigo 212.5 do TRLRFL coa modificación incorporada pola DF 19 da Lei 11/2020, de 30 de decembro, unha vez que o Pleno se haxa pronunciado, aprobándoa ou rexeitándoa, remitirase ao ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia antes do 15 de outubro, data prevista no artigo 223 do TRLRFL. De terse recibido reclamación durante o prazo establecido, se informarán, e a Comisión Especial de Contas, formulará proposta ao Pleno da Corporación para o seu pronunciamento antes do día 1 de outubro.

En execución do anterior, segundo certificación que consta no expediente, ao non terse presentado reclamacións nin alegacións no prazo de exposición pública que regula o artigo 212.3 do TRLRFL, propónse ao Pleno da Corporación, a adopción do seguinte acordo.../... »

Deseguido o funcionario informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

DITAME. A Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda, na súa sesión ordinaria do 16.05.25, ditamina favorablemente dita proposta.

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual incorporado á Acta .

VOTACIÓN: Con dezaoito votos (18) a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; e oito votos (8) en contra, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 6 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO:

- a) Traspasar a resultados pendentes de aplicación, o saldo debedor ou acredor en cada caso da conta 129 (Resultados do exercicio 2023), correspondente á Entidade Local, saldo acredor 36.625.275,30 euros e Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, saldo acredor 6.177.368,93 euros, á conta 120 (Resultados de Exercicios anteriores).
- b) Aprobar a dotación de amortizacións na Entidade por unha contía de 7.479.937,44 euros e 7.527.712,61 euros nos estados consolidados.
- c) En aplicación do previsto na Base 54ª das de Execución do Orzamento, aprobar a dotación a saldos de dereitos de difícil recadación por unha contía de 36.596.338,42 euros na Entidade é 38.227.538,26 euros para os estados consolidados.
- d) Aprobar a Conta Xeral do Excmo. Concello de Vigo, integrada pola Conta da Entidade e a do seu Organismo Autónomo, Xerencia Municipal de Urbanismo correspondente ao ano 2024, composta polos seguintes estados e contas anuais:
- Balance.
 - Conta de resultado económico-patrimonial.
 - Estado de cambios no Patrimonio Neto.
 - Estado de fluxos de efectivo.
 - Estado de liquidación do Orzamento e a Memoria e demais estados complementarios.
 - Memoria, coa desagregación que establece Orde HAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de Contabilidade Local e coas explicacións e comentarios máis salientables dos feitos contables, financeiros e patrimoniais que aconteceron ao longo do ano 2024.
- e) Aprobar os estados consolidados do grupo de consolidación de acordo ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de estabilidade Orzamentaria e sostibilidade financeira que serán enviados ao Consello de Contas de Galicia. O artigo 209.4 do texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), tras a modificación introducida pola Lei 3/2017 de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, establece a obrigaón das entidades locais de formular contas consolidadas nos termos previstos nas normas de consolidación para as entidades locais a aprobar polo ministro de Facenda e Función Pública. Estas normas foron aprobadas pola Orde HAC/836/2021, de 9 de xullo, e tras a súa aprobación, os municipios con poboación superior a 50.000 habitantes e entidades locais de ámbito superior están obrigadas a formular contas anuais consolidadas dos exercicios que se inicien a partir do 1 de xaneiro de 2022. Os estados consolidados que conforman o expediente son:
- Balance de Situación,
 - Conta de Resultado Económico Patrimonial,
 - Estado de Cambios no Patrimonio Neto,
 - Variación dos Fluxos de Efectivo,
 - Liquidación do estado de gastos por Áreas,
 - Liquidación do estado de gastos por capítulos,
 - Liquidación do estado de gastos futuros por capítulos,
 - Liquidación do estado de ingresos por capítulos,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 7 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Liquidación do estado de ingresos futuros por capítulos,
- Obrigacións de orzamentos pechados por capítulos,
- Dereitos de orzamentos pechados por capítulos,
- Resultado orzamentario,
- Memoria,
- Indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios.

En relación á aplicación do saldo da conta 130 que reflicte as subvencións para o financiamento do inmovilizado non financeiro e activos en estado de venda por unha contía de 39.635.645,35 euros na Entidade e 39.888.927,67 euros nos estados consolidados dos entes con orzamento limitativo, non ten sido imputada contía algunha á conta de resultado económico patrimonial.

O criterio xeral é a súa imputación á resultados segundo os criterios previstos na norma de recoñecemento e valoración nº 18 " Transferencias e Subvencións", cando teñen a súa finalidade no financiamento de activos do inmovilizado intanxible, material e investimentos inmobiliarios, imputaranse como ingresos do exercicio en proporción á dotación á amortización efectuada nese período para os citados elementos ou, no seu caso, cando se produza o seu alleamento, corrección valorativa por deterioración ou baixa en balance.

Con carácter xeral, a maioría das subvencións recibidas que inicialmente se abonan na conta contable 9401, pasan a abonar a conta 130 ao peche do exercicio, financian investimentos-infraestrutura destinada ao uso xeral, polo que, a aplicación do prazo de amortización da infraestrutura presenta algunha dificultade e cuestionable obxectividade, de aí, que no peche das contas anuais do ano 2025, vaise propor unha imputación a resultados por DÉCIMAS partes, tomando como base o saldo da conta 130 do ano 2025, o resto dos anos, imputarase a mesma contía, chegado ao final do período de DEZ anos, avaliarase o saldo e tomarase unha nova referencia ou manterase o criterio.

En relación co criterio de traspaso de saldos das inmovilizacións materiais e investimentos en curso, cuxo saldo da conta 232 "infraestruturas en curso" é ao peche do ano 2024, de 145.304.046,96 euros e o da conta 2300 "Adaptación de terreos e bens naturais, inmovilizado material", de 3.576.826,74 euros, no peche do ano 2025, farase o traspaso do saldo do ano 2024 da conta 232 á conta 212 "Infraestruturas", pola contía de 145.304.046,96 euros, e a conta 210 "Terreos e bens naturais" o saldo da conta 2300 polo importe de 3.576.826,74 euros. Considérase en ambos casos, que os bens que foron obxecto do investimento en curso, están rematados e pasan a formar parte dos activos obxecto de amortización, agás os da 210, xa que os terreos non son elementos amortizables.

En relación co formato, o Tribunal de Contas considerou o novo formato recomendado pola IGAE na Resolución de 22 de decembro de 2022 como adecuado para seguir avanzando na rendición de contas en soporte informático.

Unha vez aprobada polo Órgano competente, a remisión e formato da Conta Xeral ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas de Galicia farase segundo a Resolución de 27 de febreiro de 2023, da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o Acordo do Pleno de 23 de febreiro de 2023, pola que se modifica a Instrución que regula a rendición telemática da Conta Xeral das Entidades Locais e o formato de dita Conta, a partires da correspondente ao exercicio 2015.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 8 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

*.- **Incidencia.** En cumprimento de acordo plenario, e a iniciativa da Presidencia, a Corporación e máis todas as persoas presentes no salón de Plenos, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

MOCIÓNS:

4.(92). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG DEMANDANDO A FIN DO ABANDONO QUE PADECEN AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS. EXPTE. PLENO 4996/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xuño de 2025, número 4996/1101, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula a seguinte,

MOCIÓN

"DEMANDANDO A FIN DO ABANDONO QUE PADECEN AS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Vigo ten unha enorme potencia no ámbito deportivo que debера ser alentada por un apoio decidido desde o Concello, en cooperación con outras administracións, promovendo a práctica deportiva, axudando aos clubs e garantindo dotacións e equipamentos dignos para todas as disciplinas ao servizo da cidadanía. No entanto, a nefasta política deportiva do actual Goberno municipal vai precisamente na liña contraria.

Unha política que só se pode definir cunha palabra: abandono. Abandono das instalacións deportivas municipais, que na súa práctica totalidade presentan importantes deficiencias e desperfectos, a causa da falla de mantemento de investimento municipal, e non contan co equipamento e material necesarios.

Un abandono que se evidencia na situación calamitosa das pistas de atletismo de Balaídos, a falla de iluminación no campo da ETEA que impide a súa utilización completa desde hai varios, as deficiencias e problemas estruturais nos diferentes pavillóns (singularmente en Navia, Bouzas, Quirós ou Travesas) e as instalacións deportivas de Balaídos e Samil, ou o feche desde hai máis de 3 anos da piscina de Teis que contaba con preto de 1500 usuarias e usuarios.

Abandono que se expresa tamén no reiterado incumprimento de promesas e anuncios, como o feito de que a cidade continúe sen contar cun campo de béisbol (prometido por Abel Caballero en 2016), obrigando ao seu principal clube a ter que competir como local noutras cidades galegas ou do Estado, nin tampouco coas prometidas novas instalacións para a práctica do rugby ou o baloncesto.

Un abandono que ten como máis grave e inaceptábel síntoma a incapacidade do Goberno municipal de garantir a apertura dos ximnasios e instalacións deportivas do Carme, do Berbés e Samil, afectando gravemente á veciñanza usuarias desde hai meses, que sen poder facer uso si que ten que continuar aboando as cotas.

Esta situación ten entre as súas principais causas a falla de persoal do propio servizo de Deportes, que é consecuencia directa da propia xestión do Goberno e que fai que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 9 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

hoxe se conte apenas con 36 traballadoras e traballadores (en labores de administración, conserxaría ou mantemento) fronte aos 78 que había no ano 2013. Isto significa unha redución de máis do 50% do persoal municipal do servizo de Deportes nos últimos 12 anos, ao tempo que o Concello mantén máis de 200 prazas de persoal municipal sen adxudicar pola inexecución das ofertas de emprego público. Este recorte continuado de persoal público desenvólvese en paralelo ao proceso de crecente privatización dos propios servizos deportivos do Concello, como a xestión e apertura e feche de diferentes instalacións, nunha perigosa vertente que compromete o servizo público subordinándoo a unha política de baixo custes en beneficio de empresas privadas.

Aliás, o deporte vigués padece tamén o abandono adicional por parte da Xunta de Galiza, que na súa política de castigo á cidade négase a colaborar e cooperar no financiamento para dotar a cidade dunhas instalacións deportivas dignas, de primeiro nivel, á altura da maior cidade de Galiza, como demostra a inexecución do convenio suscrito en 2009 co Concello de Vigo para a renovación integral das pistas de atletismo, que teñen un evidente alcance supramunicipal.

A veciñanza usuaria e tamén os clubs que empregan as instalacións deportivas municipais esixen, con toda a razón, unha emenda á totalidade da política de desatención e abandono que aplica o Goberno municipal, sen obter nunca resposta por parte dun concelleiro-delegado, Manel Fernández, que se ten amosado incapaz de atender como merece o deporte da nosa cidade.

Por todo o anterior, o Bloque Nacionalista Galego propón ao Pleno do Concello de Vigo a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- 1 Reprobar o concelleiro-delegado de Deportes, Jose Manuel Fernández Pérez, esixindo unha inmediata e efectiva rectificación das súa nefasta xestión das instalacións deportivas municipais ou o seu cesamento.
- 2 Instar ao Goberno municipal a:
 - 2.1 Adoptar todas as medidas que foren precisas para subsanar, coa máxima urxencia, as deficiencias detectadas nas instalacións deportivas municipais e garantir a apertura e adecuado funcionamento das mesmas.
 - 2.2 Elaborar e executar un Plan integral de mellora das instalacións deportivas, con dotación orzamentaria suficiente, que contemple a cobertura de vacantes de persoal, a reparación de deficiencias estruturais e a modernización dos equipamentos, dando resposta ás demandas da veciñanza e dos clubs deportivos.
 - 2.3 Devolver as cotas abonadas pola veciñanza usuaria dos ximnasiaos e instalacións deportivas do Carme, Berbés e Samil, e suspender o seu cobro até garantir a súa apertura estábel e adecuado funcionamento, en compensación polos prexuízos ocasionados.
- 3 Instar á Xunta de Galiza a cooperar co Concello de Vigo e participar do financiamento da mellora e ampliación das instalacións deportivas da cidade."



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 10 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DELIBERACIÓNS. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con oito votos (8) a favor dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, e mais cinco votos (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, e dezaoito (18) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista (18), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 25.06.25 (Rex. Nº 4996/1101), polo voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, "Demandando a fin do abandono que padecen as instalacións deportivas municipais" cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

**.- Incidencia. Sendo as 9:53 horas, auséntase do Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira. Auséntanse así mesmo os concelleiros do grupo municipal Socialista, a Sra. Rodríguez Calviño e o Sr. Aneiros Pereira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e tres (23) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*

5.(93). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE INSTANDO Á XUNTA MEDIDAS DE FINANCIAMENTO, SEGURIDADE E MANTEMENTO DAS PRAIAS DE VIGO. EXPTE. 4998/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xuño de 2025, número 4998/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"O Concello de Vigo inviste cada ano arredor de 1 millón de euros na conservación, mantemento e seguridade das súas 56 praias, as cales constitúen un dos principais activos turísticos e de calidade de vida para a veciñanza e visitantes. A pesar deste gran esforzo con recursos propios, a Xunta de Galicia destina unha achega claramente insuficiente para garantir o nivel de seguridade que esixe un destino turístico da nosa entidade.

A Xunta aprobou recentemente a *Orde do 27 de xaneiro de 2025*, que regula as bases das subvencións a entidades locais para a prestación de servizos de vixilancia, rescate e salvamento nos espazos acuáticos naturais. Esta orde recoñece que as competencias en seguridade en lugares públicos supoñen unha enorme carga económica e organizativa para as entidades locais. Como resposta, esta normativa establece un réxime de axudas para contratar persoal socorrista e reforzar a seguridade en praias e piscinas públicas durante os períodos de maior concorrencia, especialmente o verán.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 11 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Non obstante, e malia este marco normativo, a realidade é que a Xunta segue sen garantir os recursos suficientes para que cidades como Vigo poidan executar eficazmente estas competencias sen destinar recursos millonarios a todas estas labores. A situación evidenciouse o primeiro día da tempada nas Illas Cíes, cando unha menor de dous anos precisou atención urxente por parte do servizo de socorrismo tras un golpe de calor, sen que houbera resposta rápida por parte da Xunta, titular da competencia neste espazo pertencente ao Parque Nacional.

O próximo 1 de xullo, a Xunta de Galicia asumirá a xestión das praias en todo o territorio galego. Neste contexto, esiximos que o Concello de Vigo dispoña, con suficiente antelación, dun plan detallado que especifique as previsións de actuación do Goberno galego. Dito plan debe incluír, como mínimo un calendario concreto das actuacións previstas, as partidas orzamentarias asignadas especificamente á cidade de Vigo e a política que se aplicará en relación coas concesións existentes e as futuras licitacións.

A cidadanía de Vigo merece saber con claridade e transparencia como pensa actuar a Xunta, e non aceptaremos a opacidade coa que, ata o momento, está a xestionarse esta transferencia de competencias.

Consideramos intolerable que a cidade máis poboada de Galicia e cunha das costas máis amplas do país teña que facer fronte a esta situación practicamente en solitario.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Excma. Corporación municipal que adopte o seguintes

ACORDOS

Que a Xunta asuma, como mínimo, o 50 % do custo do servizo de socorrismo e asistencia nas praias de Vigo.

Que asuma de forma exclusiva a atención nas praias das Illas Cíes, dadas as súas competencias plenas nesa zona.

Que incremente de maneira significativa as axudas económicas ao Concello de Vigo para garantir a seguridade e o mantemento nas praias.

Que nas concesións actuais e futuras informe clara e publicamente sobre os seus plans de investimento e xestión."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 26 de xuño de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de engádeda cuxo texto consta no expediente electrónico número 5007/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 12 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con dezaoto (18) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (15), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, e mais os membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.06.2025 (Rex. Nº 4998/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Rodríguez, "Instando á Xunta de Galicia medidas de financiamento, seguridade e mantemento das praias de Vigo", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** Ao inicio do debate do punto 6 da orde do día, e sendo as 10:12 horas, co permiso da presidencia incorpórase ao Salón de Plenos a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Rodríguez Calviño.
Durante o debate do punto 6 da orde do día, e sendo as 10:30 horas, incorpórase ao Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión.
Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e cinco (25) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.

6.(94). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A DOTAR NOS ORZAMENTOS DO ANO 2026 UNHA PARTIDA ESPECÍFICA PARA A IMPLANTACIÓN NOS XULGADOS DE INSTRUCCIÓN DE VIGO AS GARDAS DE 24 HORAS. EXPTE. PLENO 4999/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xuño de 2025, número 4999/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, formula a seguinte,

MOCIÓN

"A implantación das gardas de 24 horas no partido xudicial de Vigo é unha reivindicación histórica e unánime da cidade, defendida polo goberno municipal e compartida por todos os operadores xurídicos e acordada pola Xunta de Xuíces e Xuízas de Instrución de Vigo, co informe favorable do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, o informe favorable do órgano que ten a competencia para decidir, que é o Consello Xeral do Poder Xudicial e a aprobación por parte do Ministerio de Xustiza.

A Xunta de Galicia, leva máis de 10 anos negando esta demanda histórica, de feito o 15 de xuño de 2022, argumentou que non había necesidade de establecer este sistema e que o actual sistema era o axeitado, dado que volume de asuntos "non é sustancialmente alto".

Argumento que o Partido Popular da Xunta de Galicia e de Vigo, non teñen vergoña en contradicir, cando lle convén, para confrontar co Goberno de España.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 13 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Pero o certo é que a cidade de Vigo, non conta coas gardas de 24 horas, historicamente demandadas, pola oposición numantina do Goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, argumentando razóns económicas, desbotando os criterios de todos os operadores xurídicos implicados e negándolle un dereitos a todos os vigueses e viguesas.

Malia que Vigo ten dereito as gardas de 24 horas, porque conta con oito xulgados de instrución e, polo tanto, cumpre co requisito previsto no Regulamento 1/2005, que no seu artigo 59.5 prevé que o Consello Xeral do Poder Xudicial poderá acordar, en atención ao volume de asuntos penais tramitados, á poboación correspondente ao territorio do partido xudicial e ás características da súa organización xudicial, a proposta da Xunta de Xuíces e da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza correspondentes, previo informe do Ministerio de Xustiza e, no seu caso, da Comunidade Autónoma con competencia na materia, a extensión do réxime de gardas de 24 horas a un ou varios partidos xudiciais con 8 ou mais xulgados de instrución.

Outras cidades con menos de dez xulgados de instrución e cunha carga de traballo similar á de Vigo, como son Murcia, Granada, Córdoba ou Alacante, sí contan con este sistema de gardas de 24 horas.

O propio TSXG, a Fiscalía, os Letrados da Administración de Xustiza, as asociacións de xuíces, de avogados, de procuradores, organizacións sindicais se teñen pronunciado de forma reiterada a favor da medida, en reiteradas ocasións.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia volveu a pronunciarse, unha vez máis, a favor da implantación deste tipo de gardas, hai ben pouco, argumentando que "a finalidade da posta en marcha deste sistema de turnos é dotar á cidadanía dun mellor servizo público", xa que o Partido Xudicial de Vigo cumpre, con creces, os requisitos para a instauración deste tipo de gardas e supón, ademais, unha anomalía neste intre con respecto a cidades de tamaño semellante e con características de planta xudicial moi similares.

As Xuntas sectoriais de instrución do Partido Xudicial de Vigo, veñen de aprobar por unanimidade, unha vez máis, reclamar ao goberno autonómico a dotación deste servizo rotatorio de quendas que, como dicimos, conta co apoio unánime de todos os colectivos implicados na Administración de Xustiza.

Os membros da carreira xudicial sinalan que a posta por este sistema de gardas é "imprescindible para garantir un servizo público moderno, áxil e eficaz e máis garantista".

Tamén, o Pleno da Corporación Municipal de Vigo tense pronunciado a favor en varias ocasións e aprobou por maioría, que non por unanimidade, lamentablemente, polo voto en contra do Partido Popular de Vigo, unha moción presentada polo Grupo Municipal Socialista instando a implementación deste tipo de gardas. Moción na que se reiteraba o compromiso inquebrantable do Goberno de España para adoptar esta medida e de dotala nos Presupostos Xerais do Estado, como así ten sido nos orzamentos do Goberno de España para o 2022, 2023 e 2024.

O propio Alcalde de Vigo ten solicitado en reiteradas ocasións, a última vez, esta pasada semana, a implantación deste sistema de gardas. Un sistema que contribuiría a mellorar a calidade da administración de xustiza, crear un servizo diario continuado para acudir aos xulgados en calquera momento a interpor unha denuncia, un sistema moito máis garantista para as persoas detidas e unha resposta inmediata nos casos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 14 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

de violencia de xénero, *habeas corpus*, autorizacións de trasplantes ou protocolos de acoso sexual, que requiren de disponibilidad continuada.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Excma. Corporación municipal que adopte o seguinte acordo:

ACORDO

“Instar á Xunta de Galicia a dotar nos orzamentos da Xunta de Galicia para o ano 2026 dunha partida específica para a implantación coa máxima urxencia nos xulgados de instrución de Vigo das gardas de 24 horas, dotando aos ditos xulgados dos medios persoais e materiais axeitados e necesarios, rematando con esta discriminación histórica con respecto ao resto de partidos xudiciais de similares características do Estado, que xa teñen implantado este sistema, que redundaría en beneficio da cidadanía, das persoas traballadoras e do servizo público que se presta.”.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 26 de xuño de 2025, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula emenda de engadido cuxo texto consta no expediente electrónico número 5005/1101.

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 26 de xuño de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de engadido cuxo texto consta no expediente electrónico número 5008/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, poñente da moción, non acepta as emendas formuladas polos voceiros do grupo municipal do Partido Popular e do BNG .

VOTACIÓN: Con dezasete (17) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; e oito (8) abstencións, dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e mais cinco (5) dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.06.2025 (Rex. Nº 4999/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, "*Instando á Xunta de Galicia a dotar nos Orzamentos do ano 2026, unha partida específica para a implantación nos xulgados de instrución de Vigo as gardas de 24 horas*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

***.- Incidencia.** *Antes do inicio do debate do punto 7 da orde do día, e sendo as 10:37 horas, auséntase do do Salón de Plenos o Alcalde Presidente, pasando a presidir a sesión o Segundo Tenente de Alcalde, Sr. Pardo Espiñeira. Continúa a sesión co debate e votación dos asuntos incluídos na orde do día coa asistencia de vinte e catro (24) concelleiros, dos vinte e sete (27) que constitúen o número legal de membros da Corporación.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 15 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

7.(95). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE SOLICITANDO A REVERSIÓN DO INMOBLE PRÓXIMO AO CEIP VIRXE DO ROCIO. EXPTE. PLENO 5000/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xuño de 2025, número 5000/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

“Fóra do recinto do CEIP VIRXE DO ROCÍO, existe un inmovible, no que hai anos estaba ubicado o colexio e que quedou en desuso ao trasladarse a actividade do centro a un novo edificio no ano 2012.

Dende esa data dita edificación non se utilizou para actividade docente , salvo algún uso esporádico pola ANPA do centro.

Un edificio que o estar fóra do recinto escolar do colexio deixou de ser atendido polo Servizo Municipal de Educación, o non ter uso educativo e non estar integrado nas novas dependencias educativas do centro, nin sequera está dentro do recinto escolar.

Por esta razón, o Servizo de Educación xa no 04/03/2022 solicitou a Servizo de Patrimonio Municipal a tramitación ante a Consellería de Cultura, Educación e Universidade da desafectación do uso educativo de dito edificio (doc. 220047312). A desafectación ao uso escolar deste inmovible permitiría que puidese destinarse a fins sociais, culturais e asistenciais polo Concello de Vigo. Desafectación que non foi concedida.

Consideramos que o non formar parte do colexio nin ter uso educativo como parte do CEIP VIRXE DO ROCÍO, o inmovible ten que ser devolto ao Concello de Vigo.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Excma. Corporación municipal que adopte o seguinte acordo:

ACORDO

“Solicítase a reversión inmediata de dito inmovible ao Concello de Vigo”.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN: Con dezaseis (16) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia; tres (3) abstencións dos membros do grupo municipal do BNG, señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 16 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.06.2025 (Rex. Nº 5000/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "Solicitando a reversión do inmovible próximo ao CEIP Virxe do Rocio", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

8.(96). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSOE INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA A REFORMA DAS CUBERTAS DOS CENTROS EDUCATIVOS VIGUESES. EXPTE. PLENO 5001/1101

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xuño de 2025, número 5000/1101, a concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, formula a seguinte,

MOCIÓN

"As cubertas son sen dúbida unha das partes máis importantes das construcións escolares.

Sen unha boa cuberta calquera outro elemento construtivo, como paredes ou cimentos, quedan desprotexidos.

Como con todos os materiais e edificacións, o paso do tempo e o remate da súa vida útil, afecta aos tellados e cubertas escolares.

A reforma dos centros educativos públicos vigueses é clave para acadar unha educación adaptada ás necesidades e demandas do século XXI.

Por todo o antedito, o Grupo Municipal Socialista propón ao Pleno da Excma. Corporación municipal que adopte o seguinte acordo:

ACORDO

Constatando a gravísima decisión da Xunta de Galicia de non acometer a situación da cuberta do Celso Emilio Ferreiro e do Chans Bembrive:

Esixir á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, a reforma integral e inmediata das cubertas dos centros educativos vigueses que o necesitan."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 26 de xuño de 2025, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula emenda de engadido no segundo apartado e retirada do primeiro parágrafo, cuxo texto consta no expediente electrónico número 5004/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

A concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Aguiar Castro, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 17 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

VOTACIÓN: Con dezanove (19) votos a favor, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e cinco (5) votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, o Pleno da Corporación municipal adota o seguinte,

ACORDO:

Aprobar a Moción presentada, en data 25.06.2025 (Rex. Nº 5001/1101), pola concelleira do grupo municipal Socialista, Sra. Alonso Suárez, "*Instando á Xunta de Galicia á reforma das cubertas dos centros educativos vigueses*", cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

Moción de urxencia.

8(bis).(97). MOCIÓN URXENTE DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR DEMANDANDO DO CONCELLO DE VIGO O ESTRITO CUMPRIMENTO DA LEI 10/2017 DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS DE GALICIA E DO DECRETO 26/2022, TAL E COMO ESTAN A FACER O RESTO DE CONCELLOS. EXPTE. 5003/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de xuño de 2025, número 5003/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

MOCIÓN DE URXENCIA

"Diante da decisión da comisión de festas de Coia non celebrar as festas na honra da Virxe da Consolación logo do informe desfavorable do Concello ao plan de autoprotección presentado e o silencio administrativo de Praza do Rei ás solicitudes dos empresarios feirantes para poder instalar as súas atraccións nesta e noutras festas patronais previstas ao longo deste verán

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Este mércores, 25 de xuño de 2025, o mesmo día en que o alcalde-presidente do pleno da corporación de Vigo asinaba e formalizaba a convocatoria de sesión ordinaria correspondente ao mes de xuño, a celebrar o vindeiro luns día 30, a comisión de festas de Coia convocaba unha rolda de prensa para comunicar publica e oficialmente a súa decisión de non celebrar este ano 2025 as festas logo das novas esixencias do Concello de Vigo que a fan imposible.

Unhas esixencias que ese mesmo día o alcalde, don Abel Caballero, asegurou eran froito dunha decisión técnica e no política para o cumprimento da lei.

Porén, unha decisión que contrasta co que está acontecer nos resto de concellos de Galicia onde non está a haber ningún problema coa aplicación das normas e se están a autorizar as festas e atraccións que cumpren a normativa vixente.



Copia do documento - Concello de Vigo
5037-1101

Data impresión: 16/10/2025 15:10

Páxina 18 de 37

CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado martes 24 de xuño a comisión de festas de Coia adoptou por unanimidade renunciar a celebrar as festas na honra da Virxe da Consolación neste verán de 2025. Unha decisión dolorosa, que é a primeira vez que se toma nos seus cen anos de historia, e que veu motivada por mor da imposibilidade de cumprir cos novos requisitos impostos dende o Concello de Vigo.

Entre outros esixir por vez primeira aforar o recinto, algo inviable segundo recoñecen dende a comisión de festas; Ou tamén a imposibilidade de contar con atraccións de feira despois do silencio administrativo ás peticións de instalación, algo tamén denunciado polo sector dos feirantes que igualmente acusan ao concello de vetar a súa presenza na festas de Vigo con requirimentos inxustificadas.

Ambas circunstancias contrastan co acontecido durante todos estes anos atrás de goberno de Abel Caballero ata o punto de que, segundo os propios afectados "o que antes valía, agora non".

Un novo escenario consecuencia do accidente mortal acontecido o ano pasado na atracción 'Saltamontes' durante as festas de Matamá. Atracción que non estaba autorizada polo Concello pero que aínda así non ordenou precintar incumprindo, por omisión, a súa obriga como administración.

Como tampouco este concello cumpriu coa súa obriga de supervisar a montaxe e instalación das atraccións que si estaban autorizadas, tal e como se recolle na Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e na restante normativa vixente.

Un cumprimento das leis ao que agora este goberno municipal apela para tratar de xustificar o seu rexeitamento a autorizar pero que contrasta co que está a acontecer no resto dos concellos galegos, onde as leis son as mesmas e non está a haber ningún problema.

Neste senso cabe recordar que o decreto ao que o señor alcalde apelou para xustificar a negativa á comisión de festas de Coia, o 26/2022, ten validez dende o de xaneiro do 2024 e polo tanto xa estaba en vigor o verán pasado e tamén no pasado Nadal, no que este concello actuou de xeito diferente ao que está a facer

E por iso que diante da falta de vontade política demandamos do pleno da corporación de Vigo na vindeira sesión ordinaria correspondente ao mes de xuño, a celebrar o luns 30 de xuño os seguinte

ACORDOS:

- 1.- Demandar do Concello de Vigo o estrito cumprimento da Lei 10/2017 de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia e do decreto 26/2022, tal e como están a facer o resto de concellos.
- 2.- Demandar do Concello de Vigo que faga compatibles a seguridade das persoas, o cumprimento da lei e o acceso ao ocio nas festas populares como están a facer o resto de concellos de Galicia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 19 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3.- Demandar do Concello de Vigo que conteste como corresponda ás solicitudes presentadas polos empresarios feirantes para poder instalar ou non as súas atraccións nas distintas festas parroquiais da nosa cidade.”

DELIBERACIÓNS DA URXENCIA. Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con oito votos (8) a favor, dos membros do grupo municipal do Partido Popular (5), señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas; e dezaseis (16) votos en contra dos membros presentes do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a urxencia da moción presentada, en data 26.06.2025 (Rex. Nº 5003/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, “Sobre as Festas de Coia”, e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.

PARTE DE CONTROL

MOCIÓNS.

9.(98). MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR SOBRE O CAMBIO DE CLASIFICACIÓN URBANÍSTICA DE ESPAZOS LIBRES E ZONAS VERDES A EQUIPAMENTO DO SX-EL-XAR-617 PB ZONA VERDE AVDA. MADRID ANTIGA ESTACIÓN AUTOBUSES. EXPTE. PLENO 5002/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 25 de xuño de 2025, número 5002/1101, o voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, formula a seguinte,

MOCION

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de Vigo decidiu recualificar a parcela da antiga estación de autobuses de Vigo, situada entre la Avenida de Madrid, Martínez Garrido y Gregorio Espino, cunha superficie de 14.373 m2 como zona verde.

A clasificación do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, aprobado definitivamente o 26 de maio de 2025, así o establece.

Agora ben, coñecendo a necesidade de dotacións de servizos públicos sociocomunitarios na cidade e tendo en conta que a maioría dos convenios de cesión de espazos entre o Concello e as asociacións ou colectivos de Vigo están caducados e non renovados, en edificios que se atopan nunhas condicións lamentables ou directamente nunca existiron, solicitamos o cambio de uso dos terreos da antiga



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 20 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

estación de autobuses, ao amparo do establecido no artigo 42.2 da LSG, sobre calidade de vida e cohesión social e os artigos 65 e 71 do Decreto 143/2016, de 22 de setembro polo que se aproba o Regulamento da Lei do Solo de Galicia, co obxectivo de crear un centro para asociacións e colectivos da cidade.

Deste xeito, recuperaríase un investimento para Vigo de case 19 millóns de euros.

O artigo 42.5 da Lei do Solo de Galicia establece que o pleno da Corporación Municipal, por maioría absoluta e sen necesidade de seguir o procedemento de modificación do plan, pode acordar o cambio de uso dos terreos reservados para equipos ou dotacións públicas por outro uso dotacional público distinto, sempre que se manteña a titularidade pública ou se destine a incrementar as zonas verdes e os espazos libres públicos.

Polos motivos expostos, demandamos ao pleno da Corporación Municipal a adoptar os seguintes

ACORDOS

1º.- Segundo o establecido no artigo 42.5 da LSG, se acorde en pleno o cambio de clasificación urbanística dos terreos da parcela da antiga estación de autobuses, pasando de espazos libres e zonas verdes a equipamento

2º.- Instar ao goberno municipal a que, unha vez aprobado o cambio, inicie os correspondentes trámites urbanísticos."

Mediante escrito presentado no Rexistro do Pleno con data de entrada do 26 de xuño de 2025, o voceiro do grupo municipal do BNG, Sr. Pérez Igrexas, formula emenda de substitución cuxo texto consta no expediente electrónico número 5006/1101.

DELIBERACIÓNS: Constan no arquivo audiovisual da sesión incorporado á Acta.

O voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, poñente da moción, non acepta a emenda formulada polo voceiro do grupo municipal do BNG.

VOTACIÓN: Con cinco votos (5) a favor dos membros do grupo municipal do Partido Popular, señoras e señores, Benavides Alonso, García González, Gonzalez Abeijón, Martín Peña e Sánchez Méndez; e dezanove (19) votos en contra, dos membros presentes do grupo municipal Socialista (16), señores e señoras, Aguiar Castro, Alonso Suárez, Caride Estévez, Espinosa Mangana, Estévez Rodríguez, Fernández Pérez, Gómez Díaz, Iglesias González, Iglesias López, Lago Barreiro, López Font, Mejías Sacaluga, Rivas González, Rodríguez Calviño, Rodríguez Rodríguez e a Presidencia, mais dos membros do grupo municipal do BNG (3), señores e señora, Abalde Comesaña, Martínez Piñeiro e Pérez Igrexas, o Pleno da Corporación municipal adopta o seguinte,

ACORDO:

Rexeitar a Moción presentada, en data 25.06.2025 (Rex. Nº 5002/1101), polo voceiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña, "Sobre o cambio de clasificación urbanística de espazos libres e zonas verdes a equipamento do SX-EL-XAR-617 PB Zona verde Avda. Madrid, antiga estación de autobuses", e cuxo texto consta na parte expositiva deste acordo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 21 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

RESOLUCIÓNS.

10.(99). DAR CONTA DO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL, DE DATA 13 DE XUÑO DE MODIFICACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DA XGL NOS CONCELLEIROS/AS DA ÁREA DE GOBERNO E CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS. EXPTE. 1483/1102 (EXPTE. PLENO 4986/1101).

ANTECEDENTES: Dase conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 13.06.25, que di o que segue:

"15.- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DE COMPETENCIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NOS/AS CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS DE ÁREA. EXPTE. 1483/1102.

Sométese a aprobación o informe-proposta de data 06/06/2025, asinado pola Secretaria de Goberno local e o Sr. Alcalde, que di o seguinte:

O Concello de Vigo, pola súa poboación e entidade como cidade configúrase como un municipio de gran poboación dende a entrada en vigor da Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

En data 22 de xuño e posterior 28 de xullo de 2023 e 8 de marzo e 28 de xuño de 2024 a Xunta de Goberno delegou nos titulares das concellerías de Área de Goberno determinadas atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área.

Por razóns de eficacia administrativas e optimización dos recursos empregados resulta aconsellable delegar nos titulares de concellerías de área de Goberno a concesión de determinadas licenzas e competencias en materia de control administrativo de espectáculos públicos e actividades recreativas que se desenvolven no ámbito da súas respectivas competencias.

Polo exposto, de conformidade coas previsións que se establecen nos artigos 127.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril esta Alcaldía, en uso das facultades atribuídas no artigo 124 de dito texto legal formula á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO.- Modificar o acordo de delegación da Xunta de Goberno Local de data 22 de xuño de 2023 modificado posteriormente por acordo de data 28 de xullo de 2023, 8 de marzo de 2024 e 28 de xuño de 2024 e delegar nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido

(...)

II.- Na Concellería de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.

En materia de Fomento

(...)

8. Outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos e facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.



Copia do documento - Concello de Vigo
5037-1101

Data impresión: 16/10/2025 15:10

Páxina 22 de 37

CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

V.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

En materia de Seguridade

(...)

7. Concesión de licenzas de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se desenvolvan en espazos abertos ao público de titularidade pública, incluída a vía pública e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades cando non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada

(...)

VII.- Concellería de Área de Goberno de Parques e Xardíns, Comercio, e Festas Especiais.

En materia de comercio

(...)

3. Outorgar as autorizacións administrativas para a xestión e aproveitamento, incluída a ocupación da vía ou espazos públicos de titularidade municipal, incluso en réxime de concorrencia, do emprazamento de atraccións recreativas e outras actividades da campaña do Nadal e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.

SEGUNDO.- Aprobar o texto refundido da delegación de competencias da Xunta de Goberno Local nos titulares das concellerías de Área de Goberno

1º.- Delegar nos concelleiros/as de Área de Goberno as seguintes atribucións da Xunta de Goberno Local que exercerán nos ámbitos da actividade administrativa da súa área que se detallan de seguido

I.- Na de Área de Goberno de Patrimonio Histórico, Cultura, Igualdade.

En materia de Igualdade,

1. Concesión das axudas económicas a favor das vítimas de violencia de xénero, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto.

II.- Na Concellería de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes.

En materia de Fomento

1. Autorizar as obras e a ocupación de vía pública con motivo de realización de obras que se deban realizar para o funcionamento dos servizos, agás nos casos en que tal facultade corresponda a outro órgano.

2. Aprobar o Plan de Seguridade e saúde das obras e, de ser necesario, os seus Anexos; aceptación do Plan de Xestión de Residuos de Obra; aprobación do Programa de Traballo, aprobación do Plan de Calidade; nomeamento da Dirección Facultativa da Obra e nomeamento da Coordinación de Seguridade da Obra, así como a competencia relativa a cantos actos de trámite puideran ter a consideración de mera execución do contrato; emisión de certificación de acopios pola dirección facultativa.

3. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos de obras



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 23 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

4. Aprobar a ampliación do prazo de execución das obras e a suspensión dos contratos de obras.
5. Adopción do acordo de ocupación efectiva das obras ou a súa posta en servizo para o uso público (artigo 243.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos ou normativa de aplicación).
6. Acordar a continuación provisional das obras tal e como estea previsto na proposta técnica que elabore a dirección facultativa cando a suspensión temporal total execución das obras ocasione graves prexuízos para o interese público nos termos do previsto no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos , ou normativa de aplicación.
7. Resolución do expediente de danos e perdas con motivo da suspensión dos contratos de obras.
8. Outorgar a autorización de uso e concesión de licenza de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se celebren no Estadio Municipal de Balaídos e facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.
9. Aprobación dos actos que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030 que impliquen desenvolvemento da xestión económica, autorización e disposición de gastos.
10. O exercicio das accións xudiciais e administrativas que deriven dos actos que que, no seu caso, requira a tramitación dos expedientes necesarios no proceso de selección do Estadio Municipal de Balaídos como sede na candidatura da RFEF ao Mundial de fútbol da FIFA de 2030.
11. A tramitación e resolución dos expedientes de revisión de prezos extraordinarios regulado no Real Decreto Lei 3/2022, de 1 de marzo.
12. Outorgar as autorizacións para a colocación de anuncios publicitarios nos soportes das instalacións de iluminación pública previstos na Ordenanza municipal reguladora das instalacións de iluminación exterior.

En materia de Transportes

1. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas as seguintes medidas:
 - a) Reserva de estacionamento e paradas
 - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
2. Iniciar, impulsar e resolver expedientes, mesmo sancionadores, en materia de transporte en xeral e especialmente en materia do taxi, sen prexuízo das atribucións competenciais que poida dispoñer a normativa sectorial na materia.
3. Outorgar as autorizacións en materia de transporte escolar, licenzas de taxi, así como cantas outras fosen necesarias para o desenvolvemento da actividade de transporte en todos os seus ámbitos.

En materia de Deportes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 24 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

1. Outorgar a autorizacións das probas deportivas, marchas ciclistas e outros eventos deportivos en vías públicas agás que a lexislación sectorial atribúa expresamente a competencia a un órgano distinto da Xunta de Goberno Local.
2. Outorgar as autorizacións demaniais nas instalacións de deportivas municipais.

III.- Terceira Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Fondos Europeos, Patrimonio, Medio Ambiente, Educación, e Normalización Lingüística.

En materia de Medio Ambiente

Outorgar as preceptivas licenzas para a tenza de animais potencialmente perigosos, a súa inscrición no Rexistro municipal, así como calquera outra atribución en relación coa tenza de animais potencialmente perigosos que sexa delegable.

En materia do Zoolóxico municipal

Resolución de cesións e aceptacións gratuítas de animais -sen valor económico-.

En materia de Cemiterios

1. Outorgar as autorizacións en materia de policía sanitaria mortuoria, conforme co disposto na normativa de aplicación (transmisión de panteóns, nichos, cinceiros..).
2. Instrución e resolución de expedientes de autorización para o exercicio da actividade funeraria dentro do termo municipal de Vigo, agás ás referidas ao exercicio de dita actividade con establecemento.

IV.- Quinta Tenente de Alcalde e Área de Goberno de Emprego, Patrimonio, Participación Cidadá, Tecnoloxía e relación coas empresas.

En materia de Emprego

A tramitación dos contratos laborais polos procedementos legalmente establecidos, formalización e extinción da relación laboral, agás a que sexa consecuencia de despedimento disciplinario das persoas que participan nos distintos programas de emprego.

En materia de Patrimonio

1. A xestión económica para tramitación e abono das cotas das Comunidades de Propietarios as que pertenza o Concello de Vigo, agás as correspondentes á Xerencia Municipal de Urbanismo.
2. A xestión e aprobación das operacións rexistras de agrupación, división, agregación, e segregación de fincas de titularidade municipal; así como o inicio e resolución dos procedementos administrativos para a reanudación do trato sucesivo interrompido, supostos de dobre inmatriculación, excesos de cabida, cancelacións ou rectificacións de asentos, e demais procedementos de modificacións rexistras, de acordo coa lexislación hipotecaria, e referente aos bens e dereitos municipais inscritos. Exceptúanse, os bens pertencentes ao Patrimonio Público do Solo e, no seu conxunto, todas aquelas operacións ou procedementos rexistras que resulten da actividade urbanística exercida pola Xerencia Municipal de Urbanismo, no ámbito das súas competencias.
3. A aprobación e autorización dos expedientes de gastos derivados da competencia desta Concellería en relación coa xestión do Pazo de Congresos Mar de Vigo.
4. Declarar a responsabilidade imputable ao contratista a raíz da execución do contrato nos expedientes de responsabilidade patrimonial.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 25 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

V.- Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal.

En materia de Seguridade

1. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios.
2. Outorgar as autorizacións de ocupación da vía ou espazo público de titularidade municipal previo informe do servizo que proceda no ámbito das súas competencias sempre e cando a autorización/licenza non estea suxeita ao réxime de concorrencia e non estea atribuída pola especialidade da materia a outra área delegada.
3. Outorgar a autorizacións as entradas de carruaxes dende a vía pública (licenzas de vado), así como os aproveitamentos especiais sobre o dominio público consistente no tránsito de vehículos ata os edificios e instalacións e viceversa, de conformidade co previsto na normativa xeral de aplicación e segundo o disposto nas disposicións de carácter xeral municipais.
4. Outorgar as autorizacións das cacharelas de San Xoán e queima de material pirotécnico, de conformidade co disposto na normativa reguladora da materia.
5. Aprobar e autorizar, de conformidade co previsto na normativa de aplicación e nas ordenanzas acordo de:
 - a) Reserva de estacionamento e paradas
 - b) Reservas especiais para persoas con discapacidade
 - c) Concesión de licenzas de terraza na vía pública anexas ao establecemento aberto ao público agás a aprobación dos proxectos en rúas peonís, prazas e outros espazos asimilables segundo o disposto no artigo 19 da Ordenanza municipal reguladora da instalacións de terrazas en espazos de uso público do Concello de Vigo.
6. Outorgar as autorizacións de ocupación de dominio público con motivo da celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que con carácter ocasional se leven a cabo en vías ou espazos público de titularidade municipal, sempre que non estean suxeitas ao réxime de concorrencia e non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
7. Concesión de licenzas de actividades recreativas ou espectáculos públicos que se desenvolvan en espazos abertos ao público de titularidade pública, incluída a vía pública e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades cando non estean atribuídas pola especialidade da materia a outra área delegada.
8. Instruír e resolver os expedientes de recuperación posesoria daquelas superficies integrantes da rede viaria municipal ocupadas sen título habilitante, en materias da competencia desta Área de Goberno e Administración Municipal.

En materia de Contratación

1. A programación da actividade contractual, propoñendo a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 26 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. A xestión prevista na normativa en materia de desindexación da economía española, para poder fixar a revisión periódica e predeterminada dos prezos do mesmo.
3. A aprobación da resposta ás aclaracións formuladas polos interesados nos procedementos de contratación durante o prazo de presentación de ofertas.
4. A aprobación da ampliación e modificación de prazos e outorgamento de prazos extraordinarios en expedientes de contratación para presentar ofertas ante posibles fallos técnicos, de interconexión entre as diversas plataformas que se empregan na contratación que poidan xerar problemas coa información que se lle facilita aos licitadores ou dificultades de estos á hora de presentalas súas ofertas electronicamente.
5. A aprobación da proposta de clasificación de licitadores formulada polo órgano correspondente.
6. Aprobar a autorización do inicio de modificación dos contratos salvo nos contratos de obras.
7. Resolver a exclusión dos licitadores cuxas ofertas inclúan valores anormais que impidan o seu cumprimento, e así se teña declarado pola Mesa de Contratación tras da tramitación do procedemento previsto na normativa de aplicación.
8. Exercicio das competencias, relativas á corrección de erros materiais ou aritméticos e a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas particulares sempre e cando non impliquen modificacións significativas consonte ó previsto no artigo 136.2 da LCSP ou normativa de aplicación.
9. Exercicio das competencias en materia de consultas preliminares de mercado (artigo 115 da LCSP)
10. Incoación de expedientes de resolución de contratos.
11. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas
12. Solicitar de ofertas de acordos marco das Central de Contratación ás que se adhira o Concello.
13. A competencia para actuar en representación da Xunta de Goberno Local intervindo como responsable de operación na análise *ex ante* de risco deconflito de interese nos procedementos que executan o Plan de Recuperación Transformación e Resiliencia.
14. Resolución de solicitude de confidencialidade das ofertas (artigo 133 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), aceptación ou rexeitamento da xustificación dos valores anormais ou desproporcionados das ofertas (artigo 149.6 LCSP).

En materia de Recursos Humanos

1. A concesión dos permisos e licenzas de todo o persoal municipal
2. O recoñecemento do grao persoal e trienios.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 27 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. Aprobación dos devengos retributivos derivados dos supostos de encomendas de funcións, acumulacións de tarefas, acumulación temporal de postos de traballo, produtividade e gratificacións por servizos especiais e extraordinarios, nocturnidade e festividade, nos termos do disposto nos actos administrativos de autorización ou aprobación dos ditos conceptos.
4. A aprobación dos criterios obxectivos de asignación do complemento de produtividade, dando conta ao órgano delegante.
5. A declaración de situacións administrativas e xubilación do persoal municipal, autorización do reingreso ao servizo activo e a rehabilitación na condición de funcionario.
6. Acordar a incoación de dilixencias previas, informativas e informacións reservadas en materia disciplinaria; a incoación de expedientes disciplinarios e a elevación da proposta de acordo, no seu caso, de imposición de sanción disciplinaria á Xunta de Goberno Local, agás no que se refire á Policía Local e ao Servizo de Extinción de Incendios, materia esta competencia da área de Seguridade.
7. A aprobación e autorización de gastos en materia de persoal con cargo ao Capítulo I de gastos dos orzamentos municipais, así como dos gastos e indemnizacións que se tramiten pola Área de Recursos Humanos e Formación como centro xestor, excepto aqueles gastos que se correspondan coa selección, nomeamento, contratación ou prórroga de vínculo de servizo ou laboral de efectivos ao servizo do Concello de Vigo, cuxa autorización será competencia da Xunta de Goberno Local.
8. A execución de sentenzas, autos e demais resolucións xudiciais, provisionais ou firmes, en materia de persoal, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
9. Execución dos requirimentos efectuados pola Inspección de Traballo e polas Entidades xestoras e Administración da Seguridade Social en materia laboral, en materia de Seguridade Social e no que respecta á actividade de Prevención de Riscos Laborais, incluídas as que xeren autorizacións de gasto en materia retributiva e/ou indemnizatoria.
10. Decisión sobre a interposición de recurso xudicial fronte a resolucións xudiciais non firmes en materia de persoal, previo informe sobre viabilidade xurídica do recurso que se emita pola Asesoría Xurídica Municipal.
11. Acordos en materia de reasignación e redistribución de efectivos, provisión extraordinaria e urxente de postos de traballo existentes na Relación de Postos de Traballo municipal, traslados, cambios de adscrición e remoción do persoal.

En materia de SPPRL

1. Fixar os mecanismos para a coordinación entre as distintas Áreas e Servizos do Concello de Vigo e entre estes e o SPPRL (Área de Recursos Humanos e Formación) a fin de integrar a prevención.
2. Nomear as figuras e/ou persoas que teñen asignada por lei funcións e responsabilidades concretas en materia de seguridade e saúde laboral -recursos preventivos, traballadores designados, traballadores autorizados ou cualificados, propostos por cada concellería delegada.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 28 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

3. A aprobación dos procedementos de traballo seguro, as instrucións de traballo seguro, circulares informativas e os documentos de seguridade específicos en materia de seguridade e saúde laboral propostos por cada concellaría-delegada e/ou polo SPPRL.

VI. Área de Goberno de Política Social, Turismo e Xuventude.

En materia de Política de Benestar social,

1. Concesión das axudas para atención a persoas físicas, familias e unidades de convivencia, sempre e cando estas non excedan de 12.000 euros ano a cada beneficiario, sempre que exista acordo previo da Xunta de Goberno Local de aprobación dos respectivos programas e a correspondente autorización do gasto
2. Resolver as solicitudes de prestación dos servizos de teleasistencia domiciliar municipal e axuda no fogar e demais solicitudes de prestacións individuais para a prevención, asistencia e promoción social, para aqueles gastos previamente autorizados e comprometidos pola Xunta de Goberno Local.

VI. Área de Goberno de Orzamentos e Facenda.

1. O recoñecemento e liquidación das obrigas derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos.
2. Autorizar a devolución de fianzas derivadas das relacións contractuais, de ocupación de dominio público pola organización de eventos, as depositadas por débedas tributarias recurridas e calquera outras que se poideran ter depositado na Tesourería municipal.
3. Concertación de operacións de tesourería, cando o importe das operacións vivas en cada momento non supere o 15% dos ingresos liquidados no exercicio anterior.
4. En xeral, a xestión económica agás, os actos de autorización e disposición do gasto atribuída á Xunta de Goberno Local.

VII.- Área de Goberno de Parques e xardíns, Comercio, e Festas Especiais.

En materia de parques e xardíns

1. Outorgar as autorizacións de talas e traslado de arbolado o masas arbóreas, así como as ocupacións nas zonas verdes públicas.
2. A dirección e coordinación do Plan municipal de prevención e defensa contra incendios forestais, facultado para a adopción de cantas medidas de impulso, desenvolvemento e execución resulten precisas.
3. A competencia para iniciar os expedientes de contratación que se tramiten en relación coas competencias municipais en materia de prevención e defensa contra os incendios forestais, a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos en dito ámbito, así como a tramitación e adxudicación dos contratos menores, na contía establecida en cada momento pola lexislación vixente e nas bases de execución do orzamento, dando conta á Xunta de Goberno Local das adxudicacións acordadas.

En materia de Comercio

1. Outorgar as autorizacións para o exercicio da venda ambulante, de acordo coa ordenanza municipal e as demais normas previstas na lexislación vixente na materia.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 29 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

2. Outorgar cantas autorizacións e permisos resulten atribuídos ao Concello pola normativa sectorial, estatal ou autonómica, en relación coa actividade venda minorista, agás ás referidas ao exercicio da dita actividade con establecemento.
3. Outorgar as autorizacións administrativas para a xestión e aproveitamento, incluída a ocupación da vía ou espazos públicos de titularidade municipal, incluso en réxime de concorrencia, do emprazamento de atraccións recreativas e outras actividades da campaña do Nadal e as facultades inherentes ao réxime de control administrativo de ditas actividades.

2º- Así mesmo todos os/as concelleiros/as de Áreas de Goberno exercerán, por delegación desta Xunta de Goberno Local e con carácter xenérico, as seguintes atribucións:

1. O exercicio e resolución de cantos expedientes deriven do exercicio da potestade sancionadora que lle fosen legalmente atribuídos a Xunta de Goberno Local e a adopción, no seu caso, de cantas medidas provisionais fosen necesarias.
2. Ditar resolucións e prestar a súa conformidade ás certificacións ou actas de recepción de obras, subministros, servizos ou asistencia técnicas relacionadas directamente coa xestión da súa área, comprendendo no caso de aprobación das certificacións finais, a autorización da ampliación do gasto cos límites que no seu caso establecidos.
3. Aprobar a autorización do inicio da prórroga dos contratos da súa Área.
4. A adxudicación dos procedementos abertos simplificados de tramitación abreviada previsto no artigo 159.6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, así como a súa prórroga e a resolución de cantas incidencias poidan xurdir na fase de tramitación.
5. A tramitación e adxudicación dos contratos menores no ámbito das concellerías delegadas conforme a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Públicos conlevando a autorización e/ou disposición de gasto. Dita competencia abarcará a resolución de calquera incidencias respectos dos efectos, cumprimento e extinción de ditos contratos.
6. A iniciación dos expedientes de contratación que se tramiten nas súas respectivas áreas delegadas así como a resolución de calquera incidencia que xurda durante a súa tramitación con carácter previo a aprobación do expediente e apertura do procedemento de adxudicación pola Xunta de Goberno Local.
7. Efectuar a supervisión e o seguimento dos contratos administrativos das súas áreas ditando ao efecto as ordes e instrucións que se estimen oportunas e propoñendo, no seu caso, ao órgano de contratación a apertura do procedemento sancionador ante posibles incumprimentos.
8. Resolución dos expedientes de reintegro de subvencións.
9. Autorizar as comisións de servizo con dereito a indemnización do persoal adscrito á súa área cando a duración das mesmas non sexa superior a cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar a comisión de servizos co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata disto á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 30 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

10. Autorizar, cando estean directamente relacionados coa función pública, a asistencia a cursos de formación e perfeccionamento do persoal da súa área, de conformidade coas normas establecidas nas bases de execución do orzamento sempre e cando a duración do curso non supere os cinco días consecutivos, considerada a posibilidade de compaxinar o dereito á formación co desempeño profesional de xeito remoto con medios dixitais, dando conta inmediata á Concellería de delegada en materia de Recursos Humanos e Formación.
11. Conformar o cadro de vacacións anuais que elabore a Xefatura de Área ou Servizo encadrada en cada Concellería, e remitilo á Área de Recursos Humanos e Formación nos prazos establecidos aos efectos oportunos.
12. Coordinar a tramitación dos expedientes da súa competencia naqueles casos nos que afecte a outras Concellerías, solicitando a emisión de informes das distintas áreas e a realización de cantas actuacións resulten necesarias para a conclusión dos expedientes.
13. Delegar nos/nas Concelleiros/as de Área de Goberno, para o seu concreto ámbito competencial e dentro da estrutura da súa área, as competencias en materia de seguridade e saúde laboral, agás as que estean atribuídas expresamente a outros órganos de goberno.
14. Dar debido e efectivo cumprimento ao contido dos requirimentos, mandamentos e exhortos xudiciais provenientes das autoridades xudiciais e da Inspección de Traballo en materia de seguridade e saúde laboral que correspondan ás operacións e actividades que se realizan na área de goberno da súa competencia, adoptando as medidas ordenadas nos mesmos, e dando conta á Xunta de Goberno Local. En materia de recursos humanos esta competencia corresponderá á Concellería Dda de Organización Municipal
15. A expedición de certificacións de silencio administrativo en relación cos expedientes obxecto de tramitación na súa Área delegada.
16. A facultade de revisión de oficio reguladas na normativa aplicable en materia de Procedemento Administrativo Común, cando o acto obxecto de revisión se tivese ditado en virtude de competencias delegadas pola Xunta de Goberno Local.
17. Formalización, xestión, tramitación e impulso de convenios de colaboración institucional con Administracións Públicas e institucións, universidades, centros de ensino, escolas de administración pública; en materia formativa de empregados públicos, órganos directivos e cargos electos locais, así como de convenios de colaboración e/ou formación para a realización de prácticas no Concello de Vigo.

3º.- Os actos ditados polos concelleiros/as titulares de área de goberno que se adopten por delegación indicarán expresamente esta circunstancia así como a data da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e consideraranse ditadas polo órgano delegante nos termos sinalados pola Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

4º.- Deixar sen efecto todos os decretos do Alcalde que se opoñan ou contradigan ao establecido no presente decreto.

5º.- As facultades que poderán exercer os concelleiros de Área de Goberno en relación coas atribucións obxecto de delegación serán, na súa integridade, as que correspondan ao órgano delegante, reservándose, non obstante, esta Xunta de Goberno Local, conforme co establecido no artigo 116 do RD 2568/1986, a facultade



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/10/2025 15:10

Páxina 31 de 37

5037-1101

CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

de revogar en calquera momento as atribucións sobre calquera asunto ou materia delegada.

6º.- O réxime xurídico da presente delegación será o previsto con carácter xeral nos artigos 115 a 118 do RD 2568/1986, e na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, agás no relativo aos recursos de reposición que se poidan interpoñer contra os acordos adoptados que serán resoltos polos propios concelleiros de Área.

7º.- A Xunta de Goberno Local exercerá o control sobre o desenvolvemento e execución das competencias delegadas mediante a solicitude de informe cando o consideren axeitado baixo os parámetros que no marco da súa potestade de autoorganización determine.

TERCEIRO- Notificar a presente resolución a todos/as os/as Concelleiros/as afectados/as para o seu coñecemento e efectos.

CUARTO.- Comunicar a presente resolución aos responsables dos diferentes servizos e áreas municipais para o seu coñecemento e efectos mediante a súa inserción na Intranet municipal.

QUINTO.- O presente acordo entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, publicándose así mesmo na Sede Electrónica municipal aos efectos do disposto no artigo 6 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo goberno.

SEXTO.- Deste acordo darase conta de forma individualizada ao Pleno da Corporación para os efectos de que quede informado da mesma, ao abeiro do disposto no artigo 38 do Real Decreto 2568/1986."

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe."

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 13.06.25, de modificación da delegación de competencias da XGL nos concelleiros/as da Área de Goberno e concelleiros/as delegados/as.

11.(100). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DITADAS ENTRE O 19/05/25 E O 18/06/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE PLENO 4990/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/05/25 e o 18/06/25, incluídas no expediente 4990/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 32 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

12.(101). DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS, DITADAS ENTRE O 19/05/25 E O 18/06/25, INCLUÍDAS NO EXPEDIENTE PLENO 4989/1101.

ANTECEDENTES: Dáse conta das Resolucións dos concelleiros delegados ditadas entre o 19/05/25 e o 18/06/25, incluídas no expediente 4989/1101.

ACORDO.

A Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación das Resolucións indicadas. O Pleno toma coñecemento das mesmas.

13.- FORMULACIÓN DE ROGOS.

13.1(102). Rogo formulado polo concelleiro do BNG, Sr. Abalde Comesaña. «Que o Goberno municipal se dirixa formalmente ao Goberno español para lle demandar a inmediata paralización da torre de control remoto no aeroporto de Peinador polos graves erros detectados nas súas probas, os riscos á seguranza e as limitacións de operatividade que supón»

13.2.(103). Rogo formulado polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «Que este goberno municipal asuma as súas responsabilidades e resolva con urxencia sobre a presenza dos VTC nesta cidade, que están actuando sen licenza municipal, xerando un prexuízo ao sector do taxi.»

14.- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

14.1.(104). Pregunta formulada pola concelleira do BNG, Sra. Martínez Piñeiro. «¿Vai adoptar algunha medida o Goberno municipal, no exercicio das súas competencias, para impedir que a empresa de servizos VTC, Uber, continúe desenvolvendo a súa actividade de maneira ilegal na cidade?»

14.2.(105). Pregunta formulada polo concelleiro do grupo municipal do Partido Popular, Sr. Martín Peña. «¿Que ten mudado para que o alcalde recoñeza agora, logo de 18 anos, que o concello ten competencias en materia de vivenda e anuncie a creación dunha empresa municipal que este grupo leva anos demandado, cando ata hai ven pouco afirmaba que esta era competencia exclusiva de Xunta de Galicia?»

ANEXO ARQUIVO AUDIOVISUAL

Asunto : Pleno ordinario 30 de Xuño
Legislatura: Mandato 2023-2027
Órgano : Pleno
Fecha Inici: Lunes, 30 de Junio de 2025 09:05:00
Fecha Fin : Lunes, 30 de Junio de 2025 11:47:39
Duración : 02:42:39

- HTML

https://sede.vigo.org/expedientes/actas/videos_actas.jsp?id=3573



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 33 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- Media (MASTER)

[1] Video Windows Media, 720p, Stereo, 2.1 GiB

Url -

https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/eFA6d0EvxgFr7RVH4PNwivbA7IkTY8MiqqWKomDAZ6fPWedJ.wmv

SHA512 - 664467b975f00c2db03e6b74fd672084f7be7dba7c836a5922ce2b1e3e29af27b65804f99f61e7101d2b2a3f7c6e97a7cda66fc83a565677e0bf5112d4acb07fb

- Media (PROXYS)

[1] Video H264, 480p, Stereo, 987 MiB

Url -

https://concellodevigo.seneca.tv:443/s/qrFwnXFVdhv0awIv0m4HCzLHIkVWuUhgCVUsLvdPfRvrMwap.mp4

SHA512 - 7a87bd0e4a4b2b57de392f6cd0d439baf31cd78aa1df07e0f2afb5ac7ac561c90f190281b92d2d3b910f22d12f09bab7c6216f9e66bae39934ea96bada292c

- Minutaxe

- 00:00:01 - Asistentes : Caballero Álvarez, Abel; Interventor; Secretario; Espinosa Mangana, Elena; López Font, Carlos; Aguiar Castro, Yolanda; Rivas González, Angel; Alonso Suarez, María Olga; Rodríguez Rodríguez, Nuria; Estévez Rodríguez, Pablo; Lago Barreiro, M.^a del Carmen; Gomez Díaz, Gorka; Iglesias González, Ana Laura; Pardo Espiñeira, Francisco Javier; Caride Estévez, María José; Rodríguez Calviño, Patricia; Aneiros Pereira, Jaime; Mejías Sacaluga, Ana María; Fernández Pérez, Jose Mamuel; Iglesias López, Patricia; Martín Peña, José Miguel; Sanchez Mendez, Luisa María; Gonzalez Abeijón, Fernando; García González, Patricia; Benavides Alonso, Daniel; Abalde Comesaña, Filipe; Martínez Piñeiro, Ana; Pérez Iglesias, Xabier.
- 00:01:48 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:02:30 : 1. Actas anteriores: Ordinaria do 26 de maio, extraordinaria do 26 de maio e extraordinaria do 12 de xuño de 2025.
- 00:02:45 : 2. Declaracións institucionais. Declaración Institucional con motivo do Día Internacional do Orgullo LGTBI 28 de xuño 2025. Expte. Pleno 4992/1101.
- 00:03:02 : 3. Aprobación da Conta Xeral do Concello de Vigo e do Organismo Autónomo da Xerencia Municipal de Urbanismo, correspondente ao ano 2024. Expte. 305/143 (Expte. Pleno 4985/1101).
- 00:03:19 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:08:21 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:08:25 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:08:29 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:08:47 - Pérez Iglesias, Xabier
- 00:13:52 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:13:55 - García González, Patricia
- 00:19:12 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:19:22 - Aneiros Pereira, Jaime
- 00:22:30 - Caballero Álvarez, Abel
- 00:22:43 - Votación [9:27:43]
- 00:23:13 - -Minuto de silencio en memoria das vítimas de violencia machista-



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 34 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 00:24:32 : 4. Moción do grupo municipal do BNG demandando a fin do abandono que padecen as instalacións deportivas municipais. Expte. Pleno 4996/1101.
- 00:24:44 - Abalde Comesaña, Filipe
 00:29:53 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:30:01 - Benavides Alonso, Daniel
 00:35:06 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:35:32 - López Font, Carlos
 00:40:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:40:42 - Abalde Comesaña, Filipe
 00:44:07 - Caballero Álvarez, Abel
 00:46:40 - Votación [9:51:39]
- 00:48:01 : 5. Moción do grupo municipal do PSOE instando á Xunta medidas de financiamento, seguridade e mantemento das praias de Vigo. Expte. 4998/1101.
- 00:48:17 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
 00:53:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:53:32 - Pérez Iglesias, Xabier
 00:58:27 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 00:58:35 - Martín Peña, José Miguel
 01:03:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:03:39 - Rodríguez Rodríguez, Nuria
 01:06:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:07:06 - Votación [10:12:06]
- 01:07:26 : 6. Moción do grupo municipal do PSOE instando á Xunta de Galicia a dotar nos Orzamentos do ano 2026 unha partida específica para a implantación nos xulgados de instrución de Vigo as gardas de 24 horas. Expte. Pleno 4999/1101.
- 01:07:46 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:12:22 - Espinosa Mangana, Elena
 01:12:28 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:17:43 - Espinosa Mangana, Elena
 01:17:50 - Sanchez Mendez, Luisa María
 01:22:51 - Espinosa Mangana, Elena
 01:22:59 - Aguiar Castro, Yolanda
 01:26:09 - Caballero Álvarez, Abel
 01:30:29 - Votación [10:35:28]
- 01:31:17 : 7. Moción do grupo municipal do PSOE solicitando a reversión do inmovible próximo ao CEIP Virxe do Rocio. Expte. Pleno 5000/1101.
- 01:31:29 - Alonso Suarez, María Olga
 01:36:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:36:37 - Pérez Iglesias, Xabier
 01:41:15 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:41:22 - García González, Patricia
 01:46:20 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:46:32 - Alonso Suarez, María Olga
 01:49:41 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:49:52 - Votación [10:54:51]
- 01:50:22 : 8. Moción do grupo municipal do PSOE instando á Xunta de Galicia a reforma das cubertas dos centros educativos vigueses. Expte. Pleno 5001/1101
- 01:50:33 - Alonso Suarez, María Olga
 01:55:43 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 01:55:58 - Martínez Piñeiro, Ana
 02:00:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:00:53 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:06:10 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
 02:06:17 - Gonzalez Abeijón, Fernando
 02:06:31 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 35 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

- 02:06:44 - Alonso Suarez, María Olga
02:09:51 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:11:06 - Votación [11:16:05]
02:11:48 - -Moción de Urgencia-
02:12:17 - Martín Peña, José Miguel
02:13:19 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:13:35 - Pérez Iglesias, Xabier
02:14:35 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:14:39 - López Font, Carlos
02:15:29 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:15:47 - López Font, Carlos
02:16:33 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:16:38 - Votación [11:21:38]
- 02:17:11 : 9. Moción do grupo municipal do Partido Popular sobre o cambio de clasificación urbanística de espazos libres e zonas verdes a equipamento do SX-EL-XAR-617 PB zona verde Avda. Madrid antiga estación autobuses. Expte. Pleno 5002/1101.
- 02:17:31 - Sanchez Mendez, Luisa María
02:22:39 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:22:55 - Pérez Iglesias, Xabier
02:27:57 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:28:03 - Caride Estévez, María José
02:33:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:33:29 - Sanchez Mendez, Luisa María
02:36:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:36:33 - Votación [11:41:33]
- 02:37:50 : 10. Dar conta do acordo da Xunta de Goberno Local, de data 13 de xuño de modificación da delegación de competencias da XGL nos concelleiros/as da Área de Goberno e concelleiros/as delegados/as. Expte. 1483/1102 (Expte. Pleno 4986/1101).
- 02:38:10 : 11. Dar conta de resolucións da Alcaldía ditadas entre o 19/05/25 e o 18/06/25, incluídas no expediente Pleno 4990/1101.
- 02:38:23 : 12. Dar conta de resolucións asinadas por concelleiros/as delegados/as, ditadas entre o 19/05/25 e o 18/06/25, incluídas no expediente Pleno 4989/1101.
- 02:38:31 : 13. Formulación de rogos.
02:38:37 - Abalde Comesaña, Filipe
02:38:59 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:39:05 - Martín Peña, José Miguel
02:39:25 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
- 02:39:28 : 14. Formulación de preguntas.
02:39:35 - Martínez Piñeiro, Ana
02:39:47 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:40:07 - Martín Peña, José Miguel
02:40:23 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:40:27 - Caride Estévez, María José
02:42:01 - Pardo Espiñeira, Francisco Javier
02:42:39 : [FIN]

-- o --

Sen máis asuntos que tratar a Presidencia deu por rematada a sesión ás nove horas e corenta e sete minutos (09:47) redactándose en soporte electrónico a ACTA que é asinada pola Presidencia e o secretario xeral do Pleno á que se incorpora certificación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 36 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

da Secretaría xeral correspondente o arquivo audiovisual da gravación da sesión, acreditativa da súa autenticidade e integridade.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión ordinaria de data 27.01.2021, e co establecido no artigo 3 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre os libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, a presente Acta, identificada co nº 12/2025, e o seu arquivo audiovisual incorpóranse ó Libro Electrónico de Actas do Pleno correspondente ao ano 2024.
am.

A PRESIDENCIA
Javier Pardo Espiñeira
Abel Caballero Álvarez

O SECRETARIO XERAL DO PLENO
Jose Villan Fuertes



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/10/2025 15:10	Páxina 37 de 37
5037-1101	CSV: A9ABD7-BACBC3-534F2E-14RBCB-KV1VG2-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		